

INFORME DE AUDITORÍA INDEPENDENTE DE CONTAS ANUAIS ABREVIADAS

Aos accionistas da Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A.

Auditáronse as contas anuais abreviadas adxuntas da Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A., que comprenden o balance abreviado a 31 de decembro de 2015, a conta de perdas e ganancias abreviada, o estado abreviado de cambios no patrimonio neto e a memoria abreviada, correspondentes ao exercicio anual rematado na data sinalada.

Responsabilidade dos administradores en relación coas contas anuais abreviadas

Os administradores son responsables de formular as contas anuais abreviadas adxuntas, de maneira que expresen a imaxe fiel do patrimonio, da situación financeira e dos resultados da Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A., de conformidade co marco normativo de información financeira aplicable á entidade en España, que se identifica na nota 2 da memoria adxunta, e do control interno que consideren necesario para permitir a preparación de contas anuais libres de incorrección material debida a fraude ou erro.

Responsabilidade do auditor

A nosa responsabilidade é expresar unha opinión sobre as contas anuais abreviadas adxuntas baseada na nosa auditoría. Levamos a cabo a nosa auditoría de conformidade coa normativa reguladora da auditoría de contas vixente en España. Dita normativa require que cumpramos as esixencias de ética, así como que planifiquemos e executemos a auditoría coa fin de obter unha seguridade razoable de que as contas están libres de incorreccións materiais.

Unha auditoría require a aplicación de procedementos para obter evidencia de auditoría sobre os importes e a información revelada nas contas anuais. Os procedementos seleccionados dependen do xuízo do auditor, incluída a valoración dos riscos de incorrección material nas contas anuais, debida a fraude ou erro. Ao efectuar ditas valoracións do risco, o auditor ten en conta o control interno relevante para a formulación por parte da entidade das contas anuais, coa fin de deseñar os procedementos de auditoría que sexan axeitados en función das circunstancias, e non coa finalidade de expresar unha opinión sobre a eficacia do control interno da entidade. Unha auditoría tamén inclúe a avaliación da adecuación das políticas contables aplicadas e da razoabilidade das estimacións contables realizadas pola dirección, así coma unha avaliación da presentación das contas anuais tomadas no seu conxunto.

Consideramos que a evidencia de auditoría que obtivemos proporciona unha base suficiente e axeitada para a nosa opinión de auditoría.



Opinión

Na nosa opinión, as contas anuais abreviadas adxuntas expresan, en todos os aspectos significativos, a imaxe fiel do patrimonio e da situación financeira da Sociedade Parque Tecnolóxico de Galicia, S.A., a 31 de decembro de 2015, así coma dos seus resultados correspondentes ao exercicio anual rematado na data sinalada, de conformidade co marco normativo de información financeira que resulta de aplicación e, en particular, cos principios e criterios contables contidos no mesmo.

LOPEZ R. AUDITORES, S.L.

(Inscrita no Rexistro Oficial de Auditores
de Contas co Nº S1078)

Alberto

Alberto López Rodríguez
2 de marzo de 2016

